



XXIX DÍA DE GALICIA



Cultura na Rúa **CR**



GRUPO AZOUGUE ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE DE BETANZOS

O Grupo Azougue, foi presentado nas festas patronais de San Roque de 1994, e xorde dun traballo de moitos anos, desde 1986 por parte da Concellería de Cultura do Concello de Betanzos, no ámbito do folclore de Galicia. Débelle o seu nome á que é copatroa da cidade, Santa María do Azougue.

O Grupo Azougue, organizado en corpo de baile, grupo de cantareiras-pandeireteiras e a agrupación instrumental, é alimentado có alumnado da Escola Municipal de Folclore do Concello de Betanzos (EMuF) da que é unha parte importante. Escola pola que, nos seus anos de existencia, xa pasaron xeracións de betanceiros e betanceiras facendo que esta entidade pública esté enraizada na súa comunidade á que se debe.

Parte do traballo da EMuF, plásmase en feitos e realidades como o son as recuperacións de anacos da cultura betanceira (obxectivo éste fundamental da súa razón de ser), como os cantos de nadal e os cantos dos maios, ou as Danzas Gremiais de Xastres e Zapateiros, a colaboración na Festa da Magdalena e a participación das Danzas Gremiais na celebración do Corpus Cristi, así como nas festas Patronais de San Roque.

Cómpre destacar, a participación do Grupo Azougue en diferentes festas populares e en distintos programas da TVG, e tamén as actuacións fóra da nosa comunidade autónoma como en Asturias, Murcia, Tenerife, Valladolid, León, Burgos, Palencia, Barcelona, Badaxoz, Cáceres, Alacante, Segovia, Portugal.

Co seu repertorio de bailes, ofrece un percorrido pola xeografía folclórica de Galicia, polas músicas, cancións, danzas e instrumentos e contribúe deste xeito á divulgación dunha parte esencial da cultura de Galicia e do seu patrimonio inmaterial.

XXIX Festival folclórico Día de Galicia

AXENDA
Cultural
DE
BETANZOS
xullo/2025

Grupo de Baile e Gaitas
Santaia de Santa Cruz (Oleiros)

xoves
24

Grupo Tres Pesos de
Santiago de Compostela

Grupo Azougue da
EMuF de Betanzos



Lugar
Praza Irmáns
García Naveira
Hora
21:00 h



En caso de choiva ou mal tempo desenvolverase na Aula de Cultura Xulio Cuns do Edificio Arquivo



Organiza



Colabora



+info cultural en
www.betanzos.gal



Programa



Grupo de baile e gaitas Santaia

1. Xota no Seixo (Sobrado dos Monxes)
2. Xota en Leira (Ordes)
3. Muiñeira en Ponte Grixoa (Compostela)

Grupo Azougue da EMuF

1. Xota e Muiñeira de Berdoias
2. Agarrada, xota e punteada de Limiñoa
3. Xota de Valxestoso

Tres Pesos

1. E o que queda de aquí a Domingo
2. Inda han nacer con ghafas
3. Quen perde a noite perde o día
4. Quen espera polos zapatos do difunto
5. Inda non lle viches o cu á curuxa
6. Muiños
7. Saralala
8. Tiña falta de morrer

Grupo de baile e gaitas Santaia

1. Pateado en Ponte Grixoa (Compostela)
2. Muiñeira ribeira en Lira (Salvaterra do Miño)
3. Muiñeira no Seixo (Sobrado dos Monxes)

Grupo Azougue da EMuF

1. Moliñeira das Nogais
2. Maneo de Liñeiro
3. Xota de Vilar



AXENDA
Cultural
DE
BETANZOS
xullo/2025

GRUPO DE BAILE E GAITAS SANTAIA DE SANTA CRUZ (OLEIROS)

O Grupo de Baile e Gaitas Santaia fundouse no ano 1982 no seo da Asociación de Veciños, da que tomou o seu nome, dentro dun marco de iniciavas culturais propostas pola propia veciñanza, co obxecto de recoller, manter e transmitir as antigas tradicións do noso pobo no eido musical e artístico.

Dende a súa fundación, e ao longo de todo este tempo, participou en numerosos actos culturais celebrados na bisbarra coruñesa e outros espallados por toda a xeografía galega, chegando a actuar en numerosas localidades do territorio español (como Sevilla, Málaga, Madrid, Santander, Asturias, Astorga, ...), así como noutros países como Italia, Francia e Portugal.

Santaia, dende hai dez anos, leva traballando unha nova vía de divulgación do traballo de investigación, chegando ao público dun xeito máis directo e sensible, poñendo a paixón necesaria para que todo o presente poida sentirse partícipe da nosa cultura e tradición. Para elo levou a cabo unha serie de Espectáculos Etnográficos poñendo en valor as nosas tradicións e costumes.

A agrupación, actualmente, está formada por 100 compoñentes entre baile, gaita, percusión, pandeireta e canto. Neste aspecto é onde reside a verdadeira fortaleza do conxunto, pois, na súa evolución ao longo dos seus 40 anos de historia, conseguiu xuntar un gran grupo humano, formado esencialmente por familias de Santa Cruz.



TRES PESOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tres Pesos é a formación de música tradicional composta por Felisa Segade, Xoan Porto e Xosé Antón Ferreira (Pepe de Calo). Tres voces, tres instrumentistas unidos tras unha rica traxectoria que agora reúne experiencia e afinidade para alimentar un proxecto en común, a modo de desembocadura dunha ducia de proxectos culturais anteriores, tales como Durindaina, Colexiata, Pradairo, A Ponte Vella, Ker-cuez, Estivada de Calo, Arreixeira, Leilía, Liceo de Noia, Brincadeira, Brêtema, Alecrín, Dhais, Cristina Pato, Muthenroi, Ialma, Uxía, Cantata Vernácula...

O trío nace ó longo do ano 2013 e sae a escena por primeira vez nas festas de San Pedro de 2014 en Santiago de Compostela. O seu primeiro traballo, *Acta Fundacional*, foi gravado no estudio da Radio Galega e concentra en 9 temas a esencia de Tres Pesos. O seu segundo disco *De cando os animais cantaban* sae ó mercado en 2020 e representa toda unha reivindicación da necesidade cultural dos galegos de expresárense a través da música, de cantar en calquera situación cotiá da vida. No ano 2021 incorpórase á formación Xoán Porto, ao deixala temporalmente Estevo Lamas. Coa chegada do 2025 presentan o seu novo proxecto, labrado tras anos de recolleita da tradición das cantareiras do rural: *Cantares e contares*. Un traballo que reivindica a importancia da transmisión oral e co que fan da escena un novo punto de encontro entre os músicos e o público no que manter viva a nosa cultura.

Tanto cada unha das cantigas dos temas que conforman *Cantares e contares* como os seus títulos son pequenas pículas que conteñen ensinanzas e mensaxes e reflexións necesarias para comprender a idiosincrasia da nosa sociedade onte, hoxe e mañá. Conteñen, en resumo, un anaco da nosa esencia: do ser galego.